



PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DE DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DA WEB DA S.A DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

1.-ÁMBITO DO PREGO E PERFIL DO CONTRATANTE.

O presente prego e a súa folla de especificacións constitúen o conxunto de instrucións, normas e especificacións deben rexer na presente contratación segundo tamén as normas de instrucción interna da Sociedade

O adxudicatario acepta de forma expresa os documentos e lexislación anteriormente citados.

O contrato que resulte do procedemento de adxudicación se axustará ao contido do presente prego de condicións, formando este parte integrante do mesmo.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.xacobeo.es.

2.-OBXECTO DO CONTRATO.

O presente prego ten por obxecto o desenvolvemento e mantemento da web da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo (www.xacobeo.es) incluíndo deseño, desenvolvemento , implementación, creación e xestión de contidos durante o ano 2009

OBXECTIVOS DA WEB

- Ser un punto de referencia mundial sobre o Camiño de Santiago e Xacobeo 2010.
- Presentar contido útil e asistencia online para peregrinos e visitantes a Galicia con motivo do Xacobeo 2010.
- Facilitar a interacción e a participación de peregrinos e visitantes, ofrecendo un punto de encontro para peregrinos/visitantes e un espazo onde compartila "Experiencia" do Camiño.
- Captación de base de datos de persoas interesadas no Camiño de Santiago, Xacobeo 2010 e Galicia en xeral.
- xerar contidos acerca do Camiño e do Xacobeo 2010 e facilitar o seu acceso para conseguir difusión viral dos mesmos a través da web.



tarefas A DESENVOLVER

As tarefas a realizar pola empresa adxudicataria son: definición, desenvolvemento, implementación e mantemento da web www.xacobeo.es, durante 2009

1/ CREATIVIDADE E DESEÑO

- Deseño do interfaz tendo en conta navegabilidade, interactividade, usabilidade, arquitectura da información e a interacción de medios como o audio, texto, imaxe e vídeo.
- A nivel creativo a empresa adxudicataria deberá trasladar o concepto creativo e a liña gráfica que será desenvolta pola axencia creativa que resulte gañadora do concurso de creatividade en curso, que estará baseado no briefing de comunicación Xacobeo 2010 (Anexo I)
- A proposta de deseño inicial deberá ser limpa e neutra para facilitar a súa integración coa creatividade e gráfica xenérica.

2/ DESENVOLVEMENTO E IMPLEMENTACIÓN

Segundo os seguintes requisitos:

2.1. Estructura e Contidos

- A estrutura da páxina web está dividida en catro grandes bloques conceptuais e de contidos:
 - Información xeral Xacobeo 2010
 - Información sobre o Camiño, dirixida a peregrinos
 - Información sobre a programación Xacobeo 2010, dirixida a visitantes
 - Plataforma de blogs
- **2.1.a. Xacobeo 2010**
 - Información xeral e de carácter institucional
- **2.1.b. Camiño de Santiago (dirixida a peregrinos)**
 - Información xeral sobre Camiño Santiago e Ano Santo
 - Información sobre os distintos Camiños usando texto, imaxes, google maps (incluíndo os Google maplets y "street view")
 - Información útil para o peregrino na súa preparación para o Camiño e as

diferentes etapas.

- Información sobre o Camiño noutras Comunidades Autónomas e enlaces a outras páxinas/blogs de interese, así como mapas (Google maps) con tódalas asociacións de peregrinos no mundo.
- User Generated Content: Partindo da base de que o Camiño é a suma de Experiencias de todos os peregrinos, a participación e o contido xerado polo usuario debe ter un peso relevante.

Debemos crear espazos para que a Experiencia poda ser compartida durante/despois do Camiño, e que os miles de usuarios creen a identidade do propio Camiño.

- **2.1.c. Información xeral Xacobeo 2010 (dirixida a visitantes)**

- Información xeral sobre Xacobeo 2010 e a programación socio-cultural que se desenvolverá ao longo do 2010 en toda Galicia.
- Calendario de eventos (Google Calendar)
 - Descrición de cada evento
 - Geo tagging
 - Enlace á web para máis información sobre o evento
- Bloques temáticos
 - Existen 4 eixes temáticos con contido específico:
 - Natureza
 - Espiritualidade
 - Cultura
 - Gastronomía
- O contido desta sección se actualizará constantemente en función da programación.

- **2.1.d. Blog e Plataforma de blogs**

- Blog propio
- Plataforma de blogs
 - Dado que un dos obxectivos fixados é converter a web nun sitio de referencia sobre o Camiño de Santiago o blog acollerá unha plataforma con blogs doutros peregrinos que queiran compartir a súa

experiencia dende a páxina do Xacobeo.

- A plataforma de blogs xa está instalada no blog actual (Wordpress MU):

2.2. Redes Sociais

- A extensión do Xacobeo 2010 a través de redes sociais é unha das claves da estratexia de Marketing dixital. A web debe estar preparada para a integración das seguintes redes, coa posibilidade de engadir máis no futuro:
 - YouTube
 - Twitter
 - Flickr
 - Facebook

2.3. Entorno tecnolóxico

• Acerca do xestor de contidos

- A páxina Web se debe desenvolver usando software libre, utilizando unha das plataformas OpenSource Drupal o Wordpress. A plataforma se instalará nun servidor con Apache e base de datos MySQL.

• Navegadores web

- O sitio web de S.A. de Xestión do Plan Xacobeo deberá ser compatible cos navegadores Web máis estendidos (Internet Explorer, Mozilla FireFox, Safari, Google Chrome etc.) tanto de escritorio como de dispositivos móbiles. Terase en conta a posibilidade de adaptalo a dispositivos especiais para discapacitados.

• Usabilidade

- Se deberán utilizar os estándares de programación, deseño y usabilidade do W3C e ISO.

• Estratexia de Copias de Seguridade

- Se debe incluír a estratexia de cómo e cando se fan copias de seguridade da páxina web, incluíndo a base de datos MySQL, así como a plataforma de blogs.

- **Accesibilidade**

- Se debe crear a páxina web optimizar O nivel de accesibilidade, usabilidade e navegabilidade da interfaz de usuario.
- A información publicada deberá cumprir as recomendacións actuais sobre accesibilidade de W3C, así como a normativa vixente sobre accesibilidade para as persoas con discapacidade.

- **Estatísticas**

- A páxina web deberá usar "Google Analytics" para coleccionar estatísticas sobre os visitantes da páxina web.

- **SEO**

- O sitio web debe estar creado e deseñado segundo o código de "boas practicas" dentro do mundo SEO.

- **Google API**

- O sitio web debe estar preparado para integrar os seguintes API de Google:
 - Google Maps
 - Google Calendar
 - YouTube

- **Cache**

- Se debe incorporar un sistema de cache na plataforma web para axudar ao servidor cando haxa moitas visitas/moito carga no servidor.

- **Incorporación con Wordpress MU** (plataforma de Wordpress blogs)

- A páxina web do Xacobeo xa ten unha plataforma de blogs instalado e a nova páxina necesita funcionar ben con esta instalación. A plataforma está instalada en blog.xacobeo.es e é unha instalación de Wordpress MU.

2.5. Funcionalidade

- **Captación de datos/e-mail Newsletter**

- Boletín electrónico/newsletter
 - Rexistro e administración (xestión altas/baixas e estatísticas)
 - Formulario cos seguintes campos:
 - E-mail / Motivación viaxe / Idioma

- Boletín en formato HTML e texto

2.6. Sistema de mensaxes SMS

- A páxina web debe poder incorporar o interfaz para que o usuario poida acceder a sistemas de mensaxería sms relevante segundo o seu perfil: motivación da viaxe e idioma.

2.7. Sindicación

- A páxina web debe incorporar un sistema de sindicación de contidos (feeds RSS) para as seccións referidas no apartado 2.1.

2.8. Idiomas

- A páxina web e o seu contido deberá estar dispoñible nos seguintes idiomas:
 - Galego (por defecto)
 - Castelán
 - Inglés
 - Alemán
 - Francés
 - Italiano
- O xestor de contido debe de ofrecer a posibilidade de clonar de forma sinxela a páxina e o seu contido para a tradución a inglés e castelán.
- A edición Inglesa, Castelán, Alemaña, Italiana e Francesa deberá poder ser xestionada do mesmo xeito e presentar as mesmas funcionalidades que a edición orixinal en Galego.
- A plataforma deberá permitir a fácil creación, adaptación e xestión de edicións adicionais en outros idiomas, de cara a súa futura implementación.

3/ CREACIÓN E XESTIÓN DE CONTIDOS

• Contido inicial

- A empresa Adxudicataria será responsable da elaboración dos contidos iniciais segundo briefing e material de documentación facilitado por S.A. De Xestión do Plan Xacobeo (información xenérica sobre Xacobeo 2010, programación e Camiño de Santiago).

- Este contido debe presentarse nos idiomas listado na sección "Idiomas" e con fotografías e material audiovisual correspondente co texto do contido.
- NO momento do inicio a páxina web debe ter:
 - Todo o contido nos distintos idiomas.
 - Polo menos cinco pezas de contido en cada apartado.

● Actualizacións

- A empresa adxudicataria será responsable da actualización do contido da páxina, en tódolos idiomas referidos no apartado 2.8, e a coordinación con S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para briefings e documentación necesaria.
- A empresa adxudicataria deberá presentar un plan de actualización de contidos, segundo número e formatos a concretar máis adiante.
- A empresa adxudicataria deberá contar con unha sede permanente ou temporal en Santiago de Compostela ou outra cidade galega para o desenvolvemento in-situ de contidos.

4. MANTEMENTO

- A empresa adxudicataria deberá dar soporte posterior á publicación de Web durante o resto de 2009
 - Configuración e mantemento da Web.
 - Mantemento e cambios na estrutura da Web.
 - Configuración e manexo do xestor de contidos.
 - Actualización do software base empregado no desenvolvemento.
- Así mesmo, garantiranse durante este tempo:
 - Optimización (SEO) para ter mellor posible posicionamiento en buscadores.
 - Accesibilidade, usabilidade e navegabilidade da páxina Web.
 - Funcionamento correcto e actualizacións (se houbera) de tódalas ferramentas empregadas.

4.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN. FORMA DE PAGO DO PREZO.

4.1.- Orzamento de licitación e prezo de adxudicación.

O importe do orzamento é de 206.000 euros sendo o IVE de euros 32.960 euros.

No orzamento máximo estarán incluídos todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do obxecto da presente contratación, de maneira que a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo non terá que efectuar ningún outro pago por ningún concepto . A empresa adxudicataria facturará a S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO o importe correspondente á totalidade dos servizos solicitados, unha vez efectuados de conformidade co esixido no presente prego e de acordo co especificado no correspondente contrato

4.2.- Abono do prezo ao contratista.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo abonará o prezo pactado una vez efectuada o 70% unha vez realizada a implantación e o 30 % restante con efectos do 31 -12-2009,

No caso de existir atraso ou mora no pago, o contratista deberá comunicar dita mora ou atraso a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo de forma fidedigna . No caso de que o contratista non efectuase dita comunicación, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo non está obrigada ao pago de intereses como consecuencia de dito atraso.

5.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN.

1ª Fase: 15 de outubro

- * Desenvolvemento web e contidos :
- * Deseño Interfaz
- * Contidos xerais , a concretar co equipo Xacobeo
- * Integración de redes sociais
- * Entorno tecnolóxico
- * Idiomas: galego, castelán, inglés e alemán.

2ª Fase: 15 de novembro

- * Desenvolvemento contidos específicos segundo indicación do equipo de Xacobeo.
- * Idiomas: Francés e Italiano

6) PERSOAL: O persoal da empresa adxudicataria non creará ningún tipo de dependencia laboral coa Sociedade Anónima de Xestión, dende estar esta o día do cumprimento das obrigas en dito ámbito , así como as fiscais etc.

7.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación é o Director-Xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo,. de conformidade coas facultades estatutariamente previstas para o seu cargo.

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha Mesa de Contratación ou ben seguirse o tramite previsto nas normas de instrucción interna 17.3.1 dada a contía do contrato

No caso de constituírse mesa de contratación esta estará formada por un Presidente, un integrante da Asesoría Xurídica, outro do departamento de administración , o informático da Sociedade, un asesor ligado a Sociedade por un arrendamento des servizos, facendo de secretario un dos integrantes da mesa

8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán contratar coa S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 da LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

No caso de que durante a tramitación do procedemento e antes da adxudicación se producira a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia nas condicións esixidas nos presentes pregos de condicións para poder participar no procedemento de adxudicación.

9.- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios conforme aos cales se valorarán as ofertas para os efectos de determinar a oferta economicamente máis vantaxosa serán os seguintes:

| <i>Descrición</i> | <i>Puntos</i> |
|-------------------------------------|---------------|
| Adecuación técnica | 30 |
| Equipo para a prestación do servizo | 10 |
| Creatividade e deseño | 10 |
| Melloras | 10 |
| Oferta económica | 40 |

A) A oferta global cunha puntuación máxima de 40 puntos que se lle asignará á proposta mis favorable , aplicando a fórmula seguinte para as demais ofertas(sobre o prezo sen IVE ou imposto equivalente)

40 puntos x oferta tipo de licitación –oferta a valorar

Oferta tipo licitación –oferta mais baixa

Será excluída aquela oferta que realice unha baixa temeraria ou desproporcionada , a mesa de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, de todas forma de apreciarse unha baixa temeraria a mesa de contratación ou o responsable do contrato deberá xustificar a consideración como baixa temeraria con a informes técnicos tanto para admitila como para excluíla .

O resto dos criterios que non son avaliados automaticamente valoraranse de forma comparativa en función das características e dos servizos ofertados polos empresarios admitidos á licitación, outorgándose maior puntuación a empresa que comparativamente teña a oferta máis vantaxosa e diminuíndo por tramos segundo ás empresas presentadas O Contrato seralle adjudicado á empresa licitadora que obteña a maior puntuación na valoración da súa proposta, de acordo cos criterios especificados (avaliados e non avaliados automaticamente) |

10.-PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E DOCUMENTOS A PRESENTAR.

10.1.- Presentación das propostas: lugar e prazo de presentación.

O prazo para a presentación das ofertas será ata 8 de setembro de 2009

As ofertas deberán ser presentadas en man nas oficinas da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, todos os días hábiles durante as horas de oficina (luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) ata a data de finalización do prazo de admisión de propostas.

Tamén poderán ser enviadas as propostas por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, debendo o licitador xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante envío, no mesmo día, antes das 14 horas por Fax ao número 981 557 373 da copia selada pola oficina de Correos do envío da proposta. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición. Non obstante, transcorridos 4 días naturais dende a terminación do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

A presentación dunha proposta por parte do licitador, presume a aceptación incondicional do contido da totalidade das condicións contidas neste prego, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á desestimación de tódalas proposicións por este presentadas.

En todo caso, en canto ás propostas estarase ao disposto no artigo 129 da LCSP.

10.2.- Documentos a presentar.

Os licitadores deberán presentar a súas proposicións en tres sobres identificados no seu exterior co lema PROPOSTA PARA A CONTRATACION DO **DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DA WEB DA S.A DE XESTION DO PLAN XACOBEO** , e o nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de Fax, e enderezo de

correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente. No interior de cada un dos sobres farase constar, en folia independente, a documentación que se inclúe no seu interior e que se especifica a continuación.

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia

Para os efectos do disposto no artigo 124 da LCSP, os licitadores poderán designar como confidencial a documentación que conteña información facilitada que consideren con tal carácter. A designación deberá realizarse mediante un selo, ou similar, co que se imprima a palabra "confidencial", en cada unha das páxinas que contena información deste tipo.

Ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, as empresa licitadoras promoverá o emprego do idioma galego nas súas relación coa S.A. de Xestión do plan Xacobeo.

10.3.- Sobre A: Documentación Xeral.

Este sobre deberá ter o seguinte título: "Sobre A: Documentación Xeral".

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

1. Documentación que acredite a personalidade xurídica do empresario e os datos do seu representante:
 - Se é persoa física, copia do D.N.I. e N.I.F. ou, no seu caso, do pasaporte, debendo estar legalizado por Notario se trata de persoas estranxeiras.
 - Se é persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación aplicable; se non o fora, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro oficial. Así mesmo, escritura de apoderamento do asinante da proposición, debendo estar inscrita no

Rexistro Mercantil en caso de tratarse de poderes xerais, e copia do N.I.F. do asinante.

- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar.

* As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do RXLCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

* Segundo ao disposto no artigo 48 da LCSP, poderase contratar con unións de empresarios (U.T.E.) que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adjudicación ao seu favor. A duración de devandita unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Así mesmo, todos os empresarios da agrupación deberán acreditar a súa capacidade e solvencia, conforme establécese na presente cláusula, e estar ao corrente das obrigas coa Facenda Estatal e, no seu caso, coa Facenda Autónoma galega, e coa Seguridade Social, así como non incorrer en prohibición de contratar a que se refire o artigo 49 da LCSP. Ademais terán que indicalos nomes e circunstancias dos empresarios que a

subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa. As devanditas empresas quedarán obrigadas solidariamente ante S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión.

* A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximiralle de achegar a documentación que sexa xustificativa da personalidade e da representación. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega da devandita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato ou por calquera outra causa xustificada.

2. Declaración responsable subscribida pola persoa que asine a proposición, comprensiva das circunstancias de contar con plena capacidade de obrar e de non estar incurso/a en prohibición de contratar, de conformidade co disposto no artigo 49 da LCSP Ademais, comprenderá expresamente as seguintes circunstancias:

- Que nin a persoa física licitadora, nin os administradores ou representantes da persoa xurídica licitadora, estean incursos en calquera das causas de incompatibilidade previstas na Lei 9/1996, de 18 de outubro, pola que se regula o réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración

Así mesmo deberán acreditar :

- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda autonómica galega.

- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Estar dado de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato ou atoparse nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para as empresas estranxeiras, a declaración solemne de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

Acreditación da solvencia técnica e profesional de acordo con medios seguintes medios :

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica e profesional.

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras, a través dun informe na que a entidade financeira se pronuncie expresamente sobre a solvencia económica e financeira do licitador para levar a cabo a execución do obxecto do contrato.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios. Reputarase solvente o licitador cuxo volumen de negocios sexa igual ou superior ao orzamento de licitación multiplicado por 1,5 en cada un dos três últimos exercicios

A **solvencia técnica e profesional**, acreditarase polos medios que se sinalan a continuación cunha "":

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de contido análogo ao que é obxecto de licitación, realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, quedando excluídos aqueles que non teñan un mínimo de traballos similares un cada ano dos últimos três exercicios

Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

- Declaración indicando os medios materiais que se disporán para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Ao marxe de acreditar a súa solvencia técnica polos medios antes indicados, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que deberá detallar na súa oferta e cuxa efectiva adscripción considerárase como unha obriga esencial do contratista

10.4- Sobre B: Proposta Técnica

Proposta técnica :

- Co obxecto de valorar adecuadamente as ofertas, os licitadores **deberán presentar un prototipo** de páxina e un informe onde se detalle coa maior precisión posible, a solución prevista para os seguintes elementos:
 - **Deseño da Interfaz do usuario:** pantallas de exemplo e manual de estilo (deseño que deberá adaptarse ao concepto creativo e liña gráfica xeral unha vez esté dispoñible).
 - **Descrición detallada dos prerequisites obrigatorios.**
 - **xestor de contidos seleccionado:** descrición do xestor e motivos da selección.
 - **Demo/Prototipo de contidos** incluíndo textos fotografías e medios audiovisuais.
 - **Utilidades:** descrición detallada das características técnicas das utilidades que incorpora a páxina, así como calesquera outras que se prevexan.
 - **Descrición características técnicas**
 - **Metodoloxía de traballo:** Creación de equipos de traballo e cronograma detallando as fases do proxecto e duración das mesmas.

Declaración indicando o equipo humano do que se disporá para a prestación dos servizos ou a realización dos traballos obxecto de licitación, á que se achegará os currículos de cada un dos membros do equipo. A efectos de valoración:

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

10.5 SOBRE C .-Proposta económica

A proposición económica irá debidamente asinada, formulada en número e letra. Figurará o importe total e desglosado o IVE

Ademais deberá presentar o presuposto desglosado por desenvolvemento da web

Creación e xestión de contidos

Para todos os efectos entenderase que o prezo da oferta económica non inclúe o I.V.E. debendo sinalarse independentemente o tipo impositivo aplicable, a base imponible, o importe do imposto e a suma da base imponible e o importe do imposto.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta. En todo caso, prevalecerá a cantidade expresada en letra sobre a cantidade expresada en número.

A Mesa de contratación ou persoa designada segundo as normas de instrucción interna procederá a cualificar a documentación xeral sobre A , e posterior a apertura da documentación relativa aso criterios non avaliados de forma automática (sobre B) dos licitadores . Unha vez que a mesa de contratación procedese á realización das anteriores actuacións, celebrarase o acto público de apertura da documentación relativa ao criterio evaluable de forma automática (sobre C) no lugar día e hora previamente sinalado e comunicado os licitadores

11.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

11.1.- Adjudicación provisional.

O órgano de contratación dictará a adjudicación provisional do contrato segundo a proposta realizada

A adxudicación provisional notificarase aos licitadores e publicarase no perfil de contratante da páxina Web do órgano de contratación

11.2.- Adxudicación definitiva.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva

11.3- Formalización do contrato.

O contratista queda obrigado a formalización do contrato

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios e con anterioridade á firma do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

O contrato poderase formalizar en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

11.4.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

Serán por conta do adxudicatario os custos da formalización en escritura pública do contrato cando o seu outorgamento sexa solicitado polo contratista.

O contratista establecerá e manterá a súa costa, durante a execución dos traballos, os medios materiais e o equipo profesional comprometido. Esta obriga comporta a asunción polo contratista de todas as obrigacións sociais, laborais e económicas derivadas dos citados medios materiais e persoais precisos. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador, sendo a S.A. de xestión do Plan Xacobeo de todo allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, incumbe especificamente ao contratista o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.

O contratista deberá gardar sxiilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e cheguen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

11.5.- Modificación do contrato.

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas

En todo caso, o órgano de contratación deberá aprobar, previamente á súa execución, a modificación do contrato, e ambas as partes deberán subscribir a correspondente addenda ao contrato inicial

12 . GARANTIA DEFINITIVA

A empresa adxudicataria deberá prestar aval bancario solidario e sen beneficio de excusión ante a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, do 5% do prezo de adxudicación que responderá das indemnizacións de danos e prexuízos nos casos de resolución do contrato, por causa imputable á empresa adxudicataria, pero non suporá un límite a reclamación dos danos e perxurios, que no seu caso se puidera solicitar.

13.Relativas á utilización do idioma.

Ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, a empresa adxudicataria promoverá o uso do idioma galego nas súas relacións coa S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

15.- Dereitos de Propiedade Intelectual : De producirse dereitos derivados de propiedade Intelectual, estes serán cedidos a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, particularmente os dereitos de explotación económica de reprodución, comunicación pública, transformación e distribución polo tempo mais longo contemplado na Lei de propiedade intelectual e para o ámbito mundial.

16.- Resolución.

Serán causas de resolución do contrato:

- a) O incumprimento do contratistas das obrigas sinaladas neste prego. Calquera incumprimento parcial considerarase incumprimento total, especialmente o prazo de execución.
- b) Non dispoñer dos medios para la realización do contrato
- c) O cumprimento defectuoso do contrato

- d) Mutuo acordo das partes
- e) A declaración ou inicio de concurso ante órgano xurisdiccional

16.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato. Esta orde xurisdiccional será igualmente competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación do contrato.

A competencia territorial para o coñecemento e resolución das cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación coa presente contratación corresponderá aos Órganos Xurisdicionais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, na cidade de Santiago de Compostela, polo que se entende que o adxudicatario renuncia ao seu propio foro no caso de que fora distinto do anterior.

O Director Xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo

ANEXO I

BRIEFING DE COMUNICACIÓN

1. ANTECEDENTES

XACOBEO 2010 es un acontecimiento de dimensión internacional que se realizará a lo largo del 2010 con motivo de la celebración del Año Santo Xacobeo y que englobará una programación de carácter religioso, artístico, social y cultural que se extenderá por todo el territorio gallego, siendo la capital Santiago de Compostela, destino final del Camino de Santiago.

2010, Año Santo Xacobeo

- Es Año Santo Xacobeo los años que el 25 de Julio, festividad del Apóstol Santiago, cae en domingo. El anterior Año Santo fue en 2004 y el siguiente será en 2021.
- El Año Santo es un año clave dentro del calendario católico ya que los peregrinos que llegan a Santiago durante este año obtienen indulgencia plena (perdón de los pecados), razón por la cual históricamente se registra una mayor afluencia de peregrinos y el Año se convierte en un motivo de celebración.
- A partir de los años 90 (Xacobeo 93, 99 y 2004) la celebración del Año Santo trasciende el aspecto meramente religioso y se convierte en un evento de carácter socio-cultural con los objetivos de hacer partícipe a la sociedad civil y atraer visitantes a Santiago y Galicia en general.
- En 2010, Xacobeo se abre al mundo a través de una campaña global y una programación que reforzará la dimensión internacional del Camino cubriendo todos los diferentes aspectos de la cultura a la vez que promoviendo el diálogo entre comunidades gallega, española e internacionales
- Los ejes de la programación de Xacobeo 2010 son:
 - La recuperación, preservación y promoción del patrimonio cultural del Camino.
 - Creación a medio y largo plazo de un patrimonio contemporáneo, acerca de y por el Camino.
 - Eventos en puntos representativos del patrimonio histórico y un programa deslocalizado a lo largo de las diferentes rutas.
 - Nuevos caminos de exploración del arte.
 - Invitación a artistas contemporáneos relevantes a producir obra inspirada en el Camino
 - Ciclos de conferencias interrelacionando el Camino con la política, la sociedad, las artes, la ciencia, el medio ambiente y el pensamiento, con la participación de grandes figuras y prescriptores de opinión mundiales.
 - Programa de artes escénicas.
 - Conciertos musicales de pequeño, medio y gran formato, desde música clásica y tradicional a pop.
 - Festivales y conciertos masivos.

Xacobeo 2010, la celebración del Camino de Santiago

- XACOBEO 2010 es la celebración del Camino de Santiago, de su espíritu, sus valores y un homenaje a su protagonista: El Peregrino.
(desde los primeros peregrinos movidos por el fervor religioso al peregrino contemporáneo del S.XXI)
- El Camino es y ha sido desde hace 1.200 años un lugar de unión y de encuentro real, pacífico y solidario de personas y culturas, y una fuente de intercambio de experiencias y conocimientos.
- Por ello, el Camino y Xacobeo están intrínsecamente asociados a valores universales como la tolerancia, el diálogo, la solidaridad, la espiritualidad, el espíritu y el intercambio cultural, unidos a elementos tangibles de las distintas rutas como su simbología, monumentalidad, naturaleza o gastronomía.

- Así el interés por el Camino trasciende al ámbito religioso y entra de lleno en el plano espiritual y personal. El Camino se vive y se disfruta a diferentes niveles (físico, intelectual, espiritual) y es, por tanto, universal:
 - Físico: naturaleza, deporte, gastronomía
 - Intelectual: cultura, arte y patrimonio
 - Espiritual: viaje interior, búsqueda del yo
- Estos tres ejes motivacionales se resumen en cuatro conceptos:
 - Espiritualidad
 - Naturaleza
 - Cultura
 - Gastronomía
- Xacobeo 2010 pone énfasis en el Camino como “Experiencia” personal y la representación del Camino como suma de todas las experiencias y vivencias personales y únicas, tantas como heterogéneos son los peregrinos y los motivos que llevan a cada uno a emprender el reto de recorrerlo.

Xacobeo 2010 y Galicia

- El Camino de Santiago y el fenómeno Xacobeo constituyen hoy en día, entre otros valores, un activo turístico de primera magnitud para Galicia. Un recurso que convive armónicamente con los trazos más característicos de la identidad gallega y contribuye además a potenciarlos como recurso turístico-cultural.

Ver Anexo II (características y valores identidad turística Galicia)

2.2. OBJETIVOS DE MARKETING

- Movilizar a peregrinos y turistas en general para que hagan el Camino durante Año Santo y/o acudan a Galicia atraídos por su oferta turística y la programación Xacobeo 2010. Se estiman 10M de visitantes y 250.000 peregrinos.
- Proyección de Xacobeo y Galicia hacia el exterior (nacional e internacional).
- Promoción de la imagen de Galicia a través de uno de sus principales activos turísticos y culturales: El Camino de Santiago y Xacobeo.
- Promoción y difusión de los contenidos, programación socio-cultural y eventos que se sucederán a lo largo del año.

2.3. OBJETIVOS DE COMUNICACIÓN

- Dar a conocer al mundo que 2010 es Año Santo Xacobeo: Xacobeo 2010 es el gran acontecimiento del año.
- Proyectar y transferir los valores del Camino a Xacobeo 2010.
- Trasladar a la sociedad la experiencia del peregrino, el sentir de quien camina y comparte su periplo: Todos somos peregrinos.

- Promocionar la "Experiencia del Camino" como una suma de experiencias y vivencias personales y únicas, que permite múltiples aproximaciones, que van desde el plano físico al intelectual y/o espiritual.
- Comunicar imagen del Camino en territorio gallego (tramo y destino final) y representar los rasgos y valores característicos de la identidad gallega (turismo Galicia).

2.4. PÚBLICO OBJETIVO

- Por tipología
 - **Target Universal:** Individuos de más de 16 años
 - **Targets Principales:**
 - Peregrinos – Los que hacen el Camino (**ver perfil Anexo II**)
 - Visitantes en general:
 - Jóvenes de 18 a 35 años
 - Familias
 - Adultos de más de 50 años (parejas sin hijos en el hogar y jubilados con espíritu joven)
 - **Targets Secundarios (en base a motivación)**
 - Peregrinos:
 - Religioso: Católico
 - Amantes de la naturaleza y eco-turismo
 - Deportistas: Deportes de montaña (senderismo, bicicleta)
 - Nueva Espiritualidad: Personas en búsqueda de yo interior, "generación crisis", practicantes de yoga y terapias alternativas...
 - Interesados en gastronomía
 - Interesados en patrimonio y cultura
 - Peregrinos "Premium": Priorizan ante todo la calidad de la restauración, la gastronomía
 - Visitantes:
 - Turismo Cultural:
 - Jóvenes interesados en música independiente y pop
 - Interesados en arte
 - Perfil intelectual alto (conferencias, literatura, pensamiento..)
- Por ámbito geográfico
 - **Local: Galicia**
 - **Nacional:**
 - Las regiones de interés prioritario son Madrid, Catalunya, Castilla-León, Comunidad Valenciana, Andalucía, País Vasco y Extremadura.
 - **Internacional:**
 - Países fidelizados: Alemania, Francia, Portugal, Italia
 - Nuevos mercados: Irlanda, Canadá, Estados Unidos, Japón y Brasil

2.5. ESTRATEGIA DE COMUNICACIÓN Y MEDIOS

- A partir de un concepto creativo paraguas Xacobeo 2010 y de la campaña genérica divulgativa y de imagen se desarrollarán a lo largo del año campañas específicas en función de:
 - Targets secundarios (motivacionales)
 - Contenidos y programación de eventos
- La campaña genérica se llevará a cabo en Diciembre 2009 y a lo largo de 2010 y en base a estas premisas:
 - Existe un objetivo de desestacionalizar (todo el Año es Xacobeo).
 - Se realizará un mínimo de 2 ó 3 fases durante 2010, teniendo en cuenta los momentos de toma de decisión y planificación de viaje (varían según diferentes ámbitos y targets).
 - El grueso de actividades, contenidos y de programación de Xacobeo 2010 se realizará durante el verano
- Además de campaña genérica en medios convencionales, la planificación de medios pondrá especial atención a la comunicación online, así como se desarrollarán otras acciones de marketing integrado y experiencial para poder segmentar y personalizar el mensaje para los distintos públicos objetivos secundarios/conceptuales.

2.6. CONSIDERACIONES ESPECIALES

- La propuesta creativa de esta campaña deberá contemplar las características descritas en el briefing de comunicación atendiendo a estas consideraciones:
 - El planteamiento creativo debe tener una fuerte carga de interpelación al target con la búsqueda de las emociones del público objetivo al que va dirigido y resaltando el valor experiencial.
 - El concepto creativo debe ser lo suficientemente abierto para poder declinarse en función de estas características:
Adaptable a campañas específicas, a la diversidad de medios y soportes y al objetivo de segmentación y personalización de mensajes para diferentes públicos objetivos.
 - Deben estar presentes en la comunicación los conceptos de Espiritualidad, Naturaleza, Gastronomía y Cultura.